

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2026.

**A/A SRA. CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL, FABIOLA GARCÍA**

## **SOLICITUDE DE ENTREVISTA**

Os abaixo asinantes, como responsables das organizacións sindicais CIG, CUT, e SNEP e en nome da súa RLT deste sector de atención ás persoas, así coma do persoal traballador aos que representan, **diríxense a vostede para solicitar unha entrevista**, no prazo de tempo o máis breve posible, para tratar a situación de preocupación en xeral das escolas infantís 0-3, dos centros de protección a menores e reforma xuvenís, das residencias de maiores, dos centros de día e de noite, das vivendas tuteladas e dos fogares residenciais, dos centros de atención á diversidade, dos servizos de axuda no fogar, equipas de valoración da discapacidade e dependencia, atención temperá á discapacidade, equipas de protección da infancia,...na Galiza, e as alternativas ou solucións que, diante da problemática das súas condicións laborais e salariais que se nos traslada por parte do seu persoal (como doutras referidas a rateos, recursos humanos e materiais), se poidan acadar e dar resposta dende a súa Consellaría e nos futuros Orzamentos da Xunta de Galiza para o 2027. Nós temos propostas para trasladarvos e na liña de camiñarmos cara un sistema público galego de servizos de atención ás persoas.

Entre outras cuestións, cremos que urxe iniciar un proceso de negociación en cada sector que resolva os problemas actuais, e no que se deberán implicar as tres partes: sindical, patronal e a propia administración, e a través do Consello Galego de Relacións Laborais ( CGRLs) e da DXEP convocando as mesas de negociación pertinentes.

Esperamos unha pronta resposta nun prazo de 10 días e non termos que incrementar a conflitividade social, que ningunha das partes queremos e que por responsabilidade debemos atallar, empregando o diálogo e a negociación.

Á mesma asistiría unha comisión de responsables sindicais de cada un dos sindicatos que asinan esta petición.

Reciba un cordial saúdo.

CIG

CUT

SNEP